

A ensinanza privada en Ourense a principios de século

Carmen Benso Calvo

Rosa María Cid Galante

Universidade de Vigo

RESUMO: Neste artigo dáse a coñece-lo proceso de expansión e reforma da escola privada da provincia de Ourense de principios do século XX no contexto das novas esixencias da lexislación escolar relativas ós centros de ensinanza non oficiais e da dinámica da sociedade ourensá da época. Servíndonos de fontes primarias inéditas, o estudo permitiunos precisar aspectos tales como a distribución xeográfica das escolas, os seus tipos, os destinatarios e as persoas que solicitan abrir unha escola particular e reconstruí-las condicións da escolarización dos nenos e nenas que asisten a estes centros, dando resposta ós seguintes interrogantes: ¿quen ensina?, ¿que se ensina?, ¿onde se ensina?, ¿cando se ensina?, ¿a quen se ensina? e ¿como se ensina? Desta análise infírese un modelo de escola privada que difire do que domina noutros ámbitos do territorio galego.

ABSTRACT: This article presents the process of expansion and reform undergone by private schools in the province of Ourense in the 20th century in terms of the new impositions as required by the educational legislation passed to regulate non-official educational centers and in the context of the dynamics of the society of Ourense at that time. Drawing on unpublished primary sources, the study details aspects such as the geographic distribution of the schools, the types of schools, the student body targeted and the people who applied for a permit to open a private school. The study also reconstructs the conditions under which the children who attended these schools were educated, focusing on the following questions. Who were the teachers? What did they teach? Where did they teach? When did they teach? Who did they teach? How did they teach? This analysis points to a private school model that differs from the one prevalent in other areas of Galicia.

1. Introducción

Os estudos –algúns excelentes– que se levan realizado sobre a escola primaria dos dous últimos séculos en Galicia desvelan e explican as condicións da escolarización dos homes e as mulleres nesta parte do territorio español, un proceso marcado polas pautas xerais procedentes dunha política educativa centralizada e de carácter nacional e polas singularidades educativas dunha terra que arrastra a súa propia tradición e que sofre o desafío de adapta-los cambios impostos pola nova lexislación escolar dos gobernos liberais a un contexto marcado polas particularidades da súa xeografía, da súa poboación e da súa lingua e polas súas anquilosadas estruturas económicas e sociais¹.

Tales traballos desvelaron con claridade as carencias (materiais e profesionais) da rede de escolas públicas e privadas que foron salpicando o territorio galego na segunda metade do século XIX e primeiro terzo do XX. Informáronnos dos sus mestres e dos seus escolantes²; das súas prácticas rutineiras e da lenta incorporación das innovacións metodolóxicas e organizativas que preconizaba a pedagogía do momento para facer máis eficaz o ensino. Coñecemos-lo avance (lento avance) da acción estatal no ámbito educativo e o éxito de fórmulas alternativas de escolarización e alfabetización, de carácter privado (as chamadas escolas de ferrado), cunha longa tradición, que se remontan ó Antigo Réxime; o impulso que a escola recibiu da emigración; o desfaseamento da escolarización (e por iso da alfabetización) feminina en relación coa masculina; o enfrontamento entre as instancias estatais (inspectores, autoridades académicas e administrativas) e as locais (os notables dos respectivos municipios e os propios pais) polo control da formación e instrución dos máis novos, o proxecto de galeguización da institución escolar..., por citar só algúns dos aspectos máis importantes da historia escolar recente galega.

En fin, aínda que as cuestións aquí mencionadas non sexan máis ca unha mínima proba dos enfoques que adoptou a investigación histórico-educativa nos últimos anos, pode dicirse que xa é longo o camiño percorrido polos investigadores da escola en Galicia e que se coñece ben a historia material e a intrahistoria da escola galega na época mencionada. Non obstante, hai aínda que afondar no coñecemento de aspectos concretos da escolarización galega que só desde un enfoque microhistórico é posible abordar. O noso obxectivo non é outro que o de achegar unha información máis precisa acerca dunha das cuestións xa presentadas en traballos anteriores de carácter global, en concreto no referente á creación ou á regularización de escolas non oficiais a principios do século xx na provincia de Ourense e ás condicións da escolarización que elas ofrecen.

¹ No relativo á época en que centramos este traballo, finais do século XIX e principios do XX, cabe cita-los traballos de: De Gabriel Fernández, N.: *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada, A Coruña, 1990, Id.: *Escolantes e escolas de Ferrado*, Vigo, Edicións Xerais, 2001; Costa Rico, A.: *Escolas e mestres. A educación en Galicia: Da Restauración a Segunda República*, Santiago, Xunta de Galicia, 1989; Peña Saavedra, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. A impronta educativa da emigración transoceánica en Galicia*, 2 Vols., Santiago, Xunta de Galicia, 1991; Rivas Barrós, S.: *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico (1900-1936)*, Vigo, Edicións Xerais, 2001.

² Apelativo con que se coñece ás persoas que abrían escolas temporais en moitas zonas de Galicia e polo que se diferenciaban dos mestres propiamente ditos. Adoitaban ser ensinantes escasamente preparados sen título nin credencial para a ensinanza. Vid. De Gabriel Fernández, N. de: *Op. cit.*

O interese do tema é múltiple. Trátase dunha época en que, como ben comenta Narciso de Gabriel, se produce un xiro na política escolar importante, pasando dunha escola local, controlada polas autoridades municipais, a unha escola nacional controlada pola Administración central, como se reflicte no feito de que o propio Estado vaia asumindo os custos da ensinanza primaria, en que tome máis en serio principios como o da obrigatoriedade escolar, en que se intensifique o control desta ensinanza... Máis ca nunca hai un interese manifesto (consecuencia do debate rexeneracionista e dos cambios de principios de século) de que a escola, unha escola uniforme para todos (unifícanse as escolas e os currículos variados configurados pola Lei Moyano), se poña ó servizo dos intereses patrios ameazados pola gran crise política, económica e social que vive España. Unha escola para todos, nenos e nenas, adultos e adultas, que instrúa, que forma, que socialice politicamente ós mozos. Ademais, a época representa un paso importante en orde á introdución de importantes innovacións pedagóxicas. Son moitas as transformacións que se producen, pero cabe sinalar unha que en certa maneira engloba a case tódalas demais: o paso do modelo de escola unitaria ó modelo de escola-colexio ou escola graduada, que seguindo a Antonio Viñao “representaba desde el punto de vista organizativo y didáctico, a los ojos de los regeneracionistas y reformadores, la escuela moderna y europea, la escuela que iba a facilitar la renovación pedagógica de nuestra enseñanza primaria”³. Espazos, tempos, métodos, prácticas... sofren unha profunda transformación ó servizo da racionalización da ensinanza. O esforzo encamiñárase tamén a conseguir unhas escolas, incluídas as privadas, con adecuadas condicións hixiénicas e convenientemente equipadas para o traballo escolar. Claro que algunhas novidades son de máis amplo alcance ca outras. A graduación escolar chegará paseniñamente e as novas construcións escolares apenas aparecerán nalgunha paisaxe urbana. Ademais, o forte control imposto por Romanones ó ensino privado a comezos de século irá debilitándose a medida que os gobernos se achegan a posicións conservadoras ata que a ditadura primorriverista renuncia ó control e inspección dos mesmos.

Nesta conxuntura, ¿que cambios afectan á escola privada, a que se financia con fondos privados? ¿Como repercutiu en Galicia, e particularmente en Ourense, a nova normativa que se desenvolve nos primeiros anos de século respecto á ensinanza non oficial? ¿En que condicións se escolarizan os nenos e nenas que asisten a estas escolas? ¿Cambiaron notablemente as condicións da escolarización ourensá no sector privado de principios de século? Se iso se confirma, ¿a que zonas afectaron máis?

As fontes de que nos servimos fundamentalmente son os expedientes de solicitude de apertura de escolas que se conservan no arquivo do antigo Instituto provincial de Ourense (hoxe Instituto Otero Pedrayo), ós que se engadiron outros expedientes procedentes do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago⁴. Á riqueza de información que ofrece a fonte citada hai que lle engadir tódalas cautelas que derivan do seu uso: trátase de solicitudes de creación, das que que só nalgúns casos nos consta a súa efectiva autorización

³ Viñao, A.: *Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX*, Madrid, Marcial Pons Historia, 2004, p. 25.

⁴ Entre eles inclúense algúns expedientes de regularización de escolas, con vida curta, que xa viñan funcionando previamente.

polo Reitorado e posta en funcionamento⁵. Aínda que podemos entender que destes expedientes unha alta porcentaxe ía ser informada favorablemente⁶ e que diso derivaría a posta en funcionamento da escola en cuestión, non temos ningunha confirmación de que así fose. O número de escolas que se abren ou se regularizan (ou ámbalas cousas) na provincia ourensá nestes anos non é definitivo, pois, se ben cremos que se pode aproximar ó que ofrecemos, as pésimas condicións en que se conservou a documentación no arquivo do instituto Otero Pedrayo non exclúe que se perdesen ou extraviáse algún expediente. Ademais, temos que advertir xa de entrada que os expedientes a que nos referimos, sobre todo os dos primeiros anos, poden referirse tanto a escolas de nova creación coma á legalización de escolas privadas xa existentes e que con toda probabilidade funcionaban na clandestinidade espaxadas polo territorio ourensán na época. Compréndese que a presión faría que moitos mestres e mestras –tamén algúns escolantes– tratasen de regularizar a súa situación ante as ameazas administrativas.

Non coñecemos a continuidade destes establecementos privados, sometidos ós vaivéns da demanda de escolarización, á expansión da escola pública que poría en retroceso a escola privada, ás múltiples vicisitudes a que están sometidas estas escolas... Por suposto, hai que contar, como evidencian outras investigacións, que continuarán existindo escolas privadas non sometidas ó control administrativo, e polo tanto que non cumpran moitos dos requisitos esixidos pola lexislación de primeiros de século. Disto dan conta inspectores e mestres da época. É de supoñer que a medida que se relaxa o control (o que segundo Antón Costa acontece a partir de 1913⁷) xurdan máis iniciativas nas que a falta de control rebaixe aínda máis as condicións da oferta escolar.

2. O control do ensino privado

A política que prevaleceu na segunda metade do século XIX respecto á ensinanza primaria privada, ensinanza impartida polos establecementos fundados e sostidos por particulares ou corporacións que non teñen carácter oficial, é a de conceder total (ampla) liberdade para a creación e dirección de centros desta natureza, sen máis requisitos cós establecidos pola Lei Moyano, ter vinte anos feitos de idade e título para exercer-lo maxisterio de primeira ensinanza, e sen máis sometemento (a excepción do Sexenio) ca ás normas e vixilancia relativas ás cuestións de hixiene e de moralidade. Isto era expresión da particular forma de entender e interpretar por parte do liberalismo (conservador e progresista) a controvertida liberdade de ensinanza. Neste sentido, hai bastante uniformidade na lexislación escolar decimonónica. A máis ampla liberdade para fundar e dirixir escolas prima-

⁵ Non era necesario facer constar expresamente a autorización do Reitorado. As escolas podían abri-la matrícula sen que recaese no expediente ningunha resolución transcorrido un mes desde que aquel fose remitido polo director do Instituto provincial ó Reitorado correspondente (art. 9 do Real Decreto de 1º de xullo de 1901. *Historia de la educación en España. De la Restauración a la II República*, Madrid, Ministerio de Educación e Ciencia, 1989, p. 175).

⁶ Non nos cabe a menor dúbida disto, pois a pesar de que moitas escolas presentan notables deficiencias en canto á hixiene, por exemplo, se refire (poucas dispoñen de retrete), cóstanos que escolas de similares características obtiveron a debida autorización do Reitorado.

⁷ Costa Rico, A.: *Op. cit.*, p. 125.

rias alcanzouse no Sexenio democrático. Nun principio chegouse a prescindir de todo: de título, de autorización, de licenza e ata da alta inspección do Goberno (decreto-lei de 14 de outubro de 1868; decreto-lei de 21 de outubro de 1868). Posteriormente, a Constitución de 1869, no seu artigo 24, declaraba que todo español podía “fundar y manter establecimientos de instrucción o educación, sin previa licencia, salvo la inspección de la autoridad competente, por razones de higiene y moralidad”⁸. A primeira Restauración interpretou de forma similar a liberdade de creación e organización de centros docentes aínda que se consignaba o principio da alta inspección do Estado no relativo á moral e ás condicións hixiénicas dos mesmos e da corrección das faltas que en tales materias se cometesen (decreto-lei de 1874). Na Constitución de 1876 conságrase a liberdade de fundar e soste establecementos de instrucción condicionada á suxeición das leis.

Pero as leis ás que remitía a Constitución tardaron en chegar, como ben observaba Ascarza, polo que na práctica reinou a máis absoluta liberdade para abrir e soste unha escola primaria. Proba disto será a gran proliferación en Galicia de escolas privadas, moitas de carácter temporal, sen espazo propio, sen mestre propiamente dito (será escolante), que veñen supli-las carencias de escolas públicas galegas continuando unha tradición que se prolonga moito máis alá do momento en que o Estado asume a función educativa. As primeiras medidas legais que acoutaron práctica total liberdade de calquera español de facer escola sen ningún requisito, foron as ditadas polo ministro Romanones á entrada do século XX (Real Decreto de 1º de xullo de 1902 e outras normas complementarias⁹) Mantén o principio da liberdade pero regula as condicións hixiénicas dos locais e esixe requisitos importantes para a fundación e sostemento de establecementos de instrucción. Pola importancia que para o noso estudo revisten estas normas, reproducímo-las que establece o artigo 4º do mencionado Real Decreto:

“Los que deseen fundar o sostener establecimientos de esta clase, un mes por lo menos antes de abrílos, lo pondrán en coñecimiento del Director del Instituto general y técnico, acompañando dos copias en papel simple de la instancia, tres ejemplares del reglamento por que se ha de regir el establecimiento, y otras tres de los estatutos aprobados, si se tratase de sociedades o corporaciones de cualquier clase que sean; un plano, también por triplicado, del local donde se haya de dar la enseñanza, con nota explicativa del mismo, y un informe de la autoridad local, haciendo constar que no se opone a las ordenanzas municipales en cuanto a las condiciones de salubridad, seguridad e higiene del edificio, y que se ha cumplido lo preceptuado en la Real orden de Gobernación de 15 de julio de 1901.

(...) En la solicitud se hará constar el lugar y local en que se ha de establecer, y el nombre del Director acompañando además:

1º Un cuadro de las enseñanzas que comprenda el número, nombre, orden de las asignaturas que hayan de explicarse, y un catálogo de los gabinetes y de todo el material científico si lo tuviere.

⁸ Ascarza, V. F.: *Diccionario de Legislación de Primera Enseñanza*, Tomo I, Madrid, El Magisterio Español, 1913, p. 356.

⁹ Trátase da Real Orde de 1º de setembro de 1902, Real Orde de 1º de decembro de 1903 e Real Orde de 7 de novembro de 1904.

2º Los documentos de filiación, entre los que se incluirá el certificado de buena conducta y residencia, expedido por la autoridad municipal del lugar donde haya residido los tres últimos años, a favor del que haya de dirigir el establecimiento, así como de los títulos que posea¹⁰.

No proceso de instrución que se segue co expediente o director do Instituto provincial ordenará a inserción da solicitude e dalgúns documentos sinalados no Boletín oficial da provincia, dando un prazo de quince días para reclamacións en canto a motivos de moralidade, bos costumes e hixiene; recabará informes ó delegado de Medicina¹¹ e ó inspector de Primeira ensinanza e cursará toda a documentación ó Reitor correspondente. Transcorrido o prazo dun mes sen que recaese no expediente ningunha resolución, o establecemento podía abri-la súa matrícula.

A pesar do convencemento que o lexislador ten da necesidade de esixir-la acreditación profesional de tódolos que queiran dedicarse ó ensino¹², nada se fai ó respecto. Non obstante, non faltan na época bos coñecedores do ensino, como é Victoriano F. Ascarza (ex conselleiro de Instrución Pública e director de *El Magisterio Español*), que se lamentan de que o Goberno non tivese o valor suficiente para establece-lo principio fundamental de que para o exercicio da ensinanza se esixise o título profesional, acabando con aquelas persoas que sen ningunha preparación fan da ensinanza “un industrialismo bajo y despreciable, o arma contra el maestro público”¹³.

O control que agora se exercía sobre a ensinanza primaria non só ía dirixido ás escolas de nova creación. Pretendíase estende-las esixencias a tódalas escolas privadas que estivesen funcionando distribuídas polo territorio rural e urbano de España. Esta cuestión afectaba notablemente a Galicia, sobre todo á Galicia rural, onde unha mancha de escolas rexidas por particulares, a maior parte delas de temporada, suplían as carencias –e tamén a inadecuación– da oferta escolar pública no campo galego. Deste xeito deberían aflora-la multitude de escolas clandestinas, opacas por tanto á estatística administrativa, que de maneira estable ou intermitente, escolarizaban a unha parte importante da poboación galega, especialmente na provincia de Lugo¹⁴.

Unha disposición transitoria do Real Decreto de 1 de xullo de 1902 obrigaba ós establecementos de ensinanza non oficial existentes de calquera grao a acreditar ante a

¹⁰ *Historia de la Educación en España. De la Restauración a la Segunda República*, op. cit. p. 174.

¹¹ A Dirección Xeral de Sanidade, nunha razoada circular de 7 de novembro de 1902, definiu os puntos que habían de comprende-los certificados médicos sobre a hixiene dos locais: I. Condicións xerais do edificio. II. Condicións das salas de clase (pídense cinco metros cúbicos e un cincuenta de superficie por alumno. III. Condicións das dependencias complementarias. IV. Mobiliario escolar (Vid. Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 367).

¹² Na exposición que precede ó Real decreto de 1 de xullo de 1902 sobre inspección dos establecementos de ensinanza non oficial, lese: “Imposible parece que en España esté prohibido y hasta constituya un delito penado en las leyes, el ejercicio de la profesión de Abogado, de Farmacéutico y aun otras de secundaria importancia, sin poseer el título suficiente para ello, mientras se permite ejercer la función más elevada y compleja, la más delicada y difícil de todas, como es la enseñanza, la educación de las generaciones futuras a personas que de ninguna forma ni manera ostensible han probado conocimientos ni aptitudes para llenar tan alta misión” (*Historia de la educación en España. De la Restauración a la II República*, op. cit., p. 171).

¹³ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 357.14 Vid. De Gabriel, N.: *Escolantes e escolas de ferrado*, op. cit.

¹⁴ Vid. De Gabriel, N.: *Escolantes e escolas de ferrado*, op. cit.

Administración, nun breve prazo, os requisitos que esixía o dito Real Decreto. A solicitude debía cursarse no reitorado do distrito universitario. Na documentación debería figurar a certificación médica do delegado de Medicina. Despois verificaríase a inspección académica oportuna. Se desta visita resultase que o centro non reunise as condicións hixiénicas necesarias, daríasele un prazo de tres meses ó seu fundador para solucionar os problemas ou optar polo traslado a outro local que os reunise. En caso contrario, o centro quedaría clausurado¹⁵. A resposta a esta normativa non debeu dar-lle os seus froitos porque, de novo, unha Real Orde de 22 de setembro de 1902¹⁶ ordenaba que tódolos establecementos dedicados á instrución primaria existentes tiñan que acreditar as súas condicións hixiénicas e pedagóxicas “mediante certificación del Inspector provincial asesorado al efecto por la Junta local de primera enseñanza y por el Maestro o Maestros de la localidad en quienes delegue sus atribuciones para visitar dichos establecimientos e informar sobre sus condiciones”¹⁷. Ante o incumprimento desta normativa por parte dun bo número de escolas que seguían funcionando na clandestinidade (e que orixinou frecuentes demandas e reclamacións por parte de mestres e veciños así como a repulsa dalgunhas persoas ilustradas¹⁸) o Goberno viuse obrigado a ditar unha nova orde (Real Orde de 13 de agosto de 1906) mediante a que se lles ordenaba ós inspectores provinciais de Primeira ensinanza a dar conta ó ministerio das escolas non oficiais abertas sen autorización legal, instándolos ó deber de solicita-la información e obtela en breve prazo conforme ós requisitos do Real Decreto de 1º de xullo de 1902, baixo ameaza de cerrar tales establecementos, tanto os sostidos por particulares, seculares ou eclesiásticos, coma polas Institucións relixiosas¹⁹. Como o maior esforzo polo control escolar recaía na inspección de Primeira ensinanza, un Real Decreto de 29 de novembro de 1907 viña a precisar as competencias dos inspectores en orde ós establecementos públicos e privados. O artigo 3º dispoñía que nas escolas privadas a inspección de Primeira ensinanza se concretaría “a sus condiciones higiénicas, a la conducta moral de sus Profesores, a la enseñanza ética y cívica y a impedir cuanto sea contrario a las leyes del país”. Máis preciso resultaba o artigo 29:

“Son atribuciones y deberes de los Inspectores:

1º Inspeccionar las Escuelas públicas y privadas cuidando de que no se de en ellas ninguna enseñanza contraria a la moral y a las leyes del país; inspeccionando los métodos y el material pedagógico en las escuelas públicas, el estado y condiciones de los edificios, los anejos y dependencias, las salas destinadas a clase, las habitaciones de los Maestros cuando éstos reclaman sobre sus malas condiciones; la asistencia escolar y todo cuanto directa o indirectamente pueda contribuir a la mejora y adelantamiento de la educación y cultura popular.

¹⁵ *Historia da educación en España. De la Restauración a la Segunda República*, op. cit., p. 178.

¹⁶ Á parte do escaso ineterese de mestres e escolantes, ou das propias autoridades locais por legalizar unha actividade que dificilmente encaixaba coas orientacións da política escolar oficial da época, tamén hai que entender que ante o número de escolas que se viran precisadas a presenta-la acreditación se desbordase o traballo dos inspectores para realiza-lo seu labor de inspección, motivo polo cal nesta Real Orde se permitía que fosen asesorados polas Xuntas locais e polos mestres da localidade.

¹⁷ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 366.

¹⁸ Vid. Costa Rico, A.: *Op. cit.*, p. 125.

¹⁹ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 368.

2º Podrán apercibir y amonestar ós Maestros y Auxiliares de las Escuelas públicas, proponiendo contra los mismos ante las Autoridades la aplicación de las penas que consideren necesarias para el régimen de las Escuelas; asimismo podrán proponer al Gobernador civil de la provincia la suspensión o reforma de las Juntas locales cuando no cumplan con los deberes (...).

En casos graves urgentes, y bajo su responsabilidad, podrán clausurar una Escuela privada y suspender de empleo y medio sueldo a los Maestros y Auxiliares de Escuelas públicas, pudiendo proceder a la clausura de éstas si fuere indispensable. (...)»²⁰.

O traballo dos inspectores tiña que estar secundado e apoiado na actuación das xuntas locais, para as que tamén o Real Decreto de 7 de febreiro de 1907 fixaba con claridade as súas atribucións e deberes respecto á ensinanza privada. Isto concretábase no seguinte:

“Visitar las Escuelas privadas; reclamar de sus Directores los documentos que autoricen legalmente el funcionamiento de las mismas; dar conta al Inspector de Primera enseñanza de la zona a que pertenezcan, de cuantos establecimientos de esta clase se inauguren o cesen en la localidad, y poner en coñecimiento de la Junta provincial cuanto observen que en estas escuelas pueda ser nocivo para la salud o para la educación de la infancia, así todo lo que contravenga a las disposiciones por que deba registrarse” (art. 14)²¹.

Aínda que tales medidas non chegasen a obte-los resultados esperados en orde ó control efectivo de toda a rede escolar privada, a presión que se exerceu sobre os establecementos non oficiais nestes primeiros anos de século fixo que un considerable número de escolas, difícil de precisar, tratasen de legaliza-la súa situación e que as novas iniciativas escolares que xorden na época canalizasen a solicitude de apertura polas canles establecidas nos decretos de 1902, tal como se deduce do caso ourensán. Pero aínda que moitos (é a época do rexeneracionismo) estimasen a necesidade de poñer freo a unha práctica escolar carente da máis mínima calidade pedagóxica e considerasen que chegara a hora de dignifica-la escola e ó mestre, houbo voces (entre elas a da ILE) que se alzaron en contra dunhas medidas que, ó seu entender, excedían os límites marcados pola Constitución de 1876 nas atribucións do Goberno respecto á ensinanza privada e ameazaban seriamente o principio de liberdade de ensinanza consagrado nese texto constitucional²². E como o reforzo do control da ensinanza privada viña rozando sempre co citado precepto constitucional, as presións neste sentido non se fixeron esperar logrando que un Real Decreto de 3 de febreiro de

²⁰ Real Decreto de 18 de novembro de 1907 (Gaceta de Madrid de 24 de novembro do mesmo ano) firmado polo Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes, Faustino Rodríguez San Pedro.

²¹ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, pp. 368-369.

²² De feito, na exposición de motivos que precede ó Real Decreto de 3 de febreiro de 1910 faise referencia á solicitude cursada por varios profesores da Institución Libre de Enseñanza para que se derogase o artigo 3º do Real Decreto de 18 de novembro de 1907 e a parte do artigo 29 do mesmo que se refire ás escolas privadas, considerando que a Inspección de primeira ensinanza debía aterse ó disposto no Decreto-lei de 29 de xullo de 1874, norma non derogada, cuxo artigo 7º deixaba enteira liberdade ós fundadores, empresarios ou directores de establecementos privados de ensinanza para adopta-las disposicións que xulgasen máis conducentes ó seu bo réxime literario e administrativo, reservando unicamente o Goberno o dereito de inspeccionalos en canto se refire á moral e ás condicións hixiénicas dos mesmos (Gaceta de Madrid de 4 de febreiro de 1910).

1910 modificase ou derogase a normativa anterior²³ alegando “la necesidad de restablecer en este delicado asunto el imperio de la Ley”. Neste sentido prescribíase que as competencias da Inspección nos Establecementos privados serían as relativas ás condicións hixiénicas dos locais e a impedir canto fose contrario á moral, á Patria e ás leis²⁴.

Aínda había outra razón máis para intensifica-lo control da escola privada. A raíz de decisións tan importantes para a ensinanza primaria como as adoptadas polo Goberno do liberal Romanones acerca do pago ós mestres públicos polo Estado, procedeuse a intensificar, máis se cabe, o control sobre as escolas en xeral e sobre a escola privada en particular, tratando de determinar fielmente o número de escolas e mestres oficiais existentes en cada provincia co fin de proceder ó pago dos seus haberes, poñendo sumo coidado en que en tales estatísticas non se coasen escolas que non tivesen previamente a titularidade pública. Non obstante, unha Real Orde de 6 de febreiro de 1903 permitiulles ós concellos computar como públicas aquelas escolas privadas que reunisen os seguintes requisitos (os mesmos previamente fixados pola Real Orde de 7 de abril de 1882): que fosen establecidas con dous anos de anterioridade polo menos á data en que o concello solicitase a súa computación como tales; que os seus mestres ou mestras posúisen o título profesional correspondente ó grao da escola; que fose favorable o xuízo emitido polo inspector de Primeira ensinanza en canto ás regras de moral e hixiene se refire, así como no relativo ó material e os demais medios de ensinanza; que os seus directores ou mestres consentisen en que fosen visitadas como as públicas²⁵.

Non cabe dúbida de que detrás da política iniciada por Romanones orientada a reforza-lo control da ensinanza privada, e máis en concreto das escolas primarias non oficiais, había varias intencións. Algunhas delas son claras á luz das investigacións que se realizaron sobre a época. A saber: a práctica total liberdade que desde o Sexenio reinaba para abrir escolas por calquera persoa que se quixese dedicar ó vello oficio de ensinar propiciara o xurdimento dun considerable número de establecementos de instrución primaria situados en locais inmundos e rexidos por persoas (xeralmente homes) que non ofrecían a máis mínima garantía de exercer adecuadamente a súa función. É máis, en zonas como Galicia onde proliferaron considerablemente as mencionadas escolas de ferrado, nin sequera moitas destas escolas dispoñían de local estable e a tarefa de ensinar non estaba a cargo de mestres, senón de escolantes, isto é, persoas menos cualificadas ca aqueles e con escasas garantías de exercer ben a función de ensinar²⁶.

²³ En concreto, modificábase o artigo 3º do Real Decreto de 18 de novembro de 1907 “en el sentido de que la Inspección en los Establecimientos privados de enseñanza se concretará a las condiciones higiénicas de los locales y a impedir cuanto sea contrario a la moral, a la Patria y a las leyes” (Art. 1º). Derrogábase o artigo 29 do mesmo Real Decreto, así como as disposicións do de 1º de xullo de 1902, as da Real Orden de 1º de setembro do mesmo ano, e calquera outras que se opuxesen ó vixente artigo 7º do Decreto-lei de 29 de xullo de 1874 (Gaceta de Madrid de 4 de febreiro de 1910).

²⁴ Real Decreto de 3 de febreiro de 1910, art. 1º (Gaceta de Madrid de 4 de febreiro de 1910).

²⁵ Vid. Ascarza, V. F.: *Arreglo escolar, Diccionario de Legislación de Primera Enseñanza*, op. cit., pp. 94-98.

²⁶ Narciso de Gabriel é quen máis e mellor estudou estas escolas e os seus ensinantes na súa obra *Escolantes e escolas de ferrado*, op. cit.

Esta situación viña provocando un acusado malestar entre o maxisterio primario oficial que vía neles a serios competidores ó seren requiridos por amplos sectores da poboación rural que preferían as súas ensinanzas e os seus métodos ós da escola oficial, e que acomodaban o calendario escolar ó ritmo marcado para os nenos –e ata para os adultos– polas tarefas propias do campo²⁷. Por suposto, estes ensinantes representaban o antimodelo do profesional docente en que se quere converte-lo mestre oficial: mestre titulado, inserto en asociacións profesionais que loitan polos seus intereses; autónomo fronte ó control tiránico de caciques e notables das pequenas entidades de poboación en que lles toca vivir. Non cabe dúbida de que tales ensinantes representaban unha rémora ó proceso de profesionalización en que estaba implicado o maxisterio oficial. Claro que sempre habería que distinguir, como dicía Victoriano F. Ascarza, “entre el Profesor o Maestro privado –objeto de todo respeto y consideración– y el mercachifle de la enseñanza particular”²⁸.

Dignifica-la escola, o que equivalía a hixienizala, a dotala de medios e material didáctico apropiado segundo as novas orientacións pedagóxicas. Asegura-la transmisión do currículo oficial (cargado de novas materias e provisto de novas intencións) que vela polos intereses dos usuarios e tamén (cómo non) polos intereses (léase privilexios) das minorías no poder. Garanti-la moralidade e boa conduta do que se dedica ó “nobre” oficio de ensinar, malia que non entre aínda entre os requisitos que se lle impoñan o título que acredite a súa formación profesional.

Nacionaliza-la escola, o que equivale a rescatala do poder e do control que viña exercendo sobre ela a administración local desde que a lexislación liberal de mediados de século puxo en mans dos municipios a creación e sostemento da escola primaria pública e nas Xuntas locais o control e a vixilancia da institución escolar. Unha transformación que se materializa principalmente na progresiva asunción por parte do Estado do soldo do mestre e dos gastos da escola, e que se reflectía na nova denominación que recibe a escola pública: suprímese a variada tipoloxía escolar que creou a Lei Moyano (escolas elementais, superiores, completas, incompletas, de temporada...) por un único tipo de escola, cun currículo unificado (o que establece o Real Decreto de 26 de outubro de 1901), que recibe o nome de Escola Nacional, xa fose unitaria ou graduada²⁹.

3. Incremento e tipoloxía da oferta escolar privada en Ourense

É coñecida a posición de vantaxe que, durante a segunda metade do século XIX, tiña Ourense respecto ás outras provincias galegas en canto ó sostemento de escolas públicas por parte dos concellos. Nas décadas centrais desa centuria, época en que se configura o sistema educativo nacional, Ourense exhibía unha ampla rede de escolas oficiais e constituía a única provincia que se apartaba do modelo dominante de escolarización no ámbito xeográfico galego caracterizado por un gran predominio da escola privada sobre a

²⁷ Narciso de Gabriel e Antón Costa nas súas obras xa citadas ofrecen, para Galicia, sobrados exemplos dos enfrontamentos entre mestres e escolantes.

²⁸ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 355.

²⁹ Vid. Real Decreto de 8 de xuño de 1910; Real Decreto de 25 de febreiro de 1911, Real Orde de 31 de marzo de 1911.

pública. Dito doutro xeito, a implicación dos concellos ourensáns na creación e mantemento de escolas era excepcional no contexto galego, feito polo cal as familias optaban polos servizos dos mestres ou dos escolantes que exercían a ensinanza de maneira permanente ou temporal no medio rural galego como analizou Narciso de Gabriel nas obras anteriormente mencionadas³⁰. E aínda que os efectos da lei Moyano se deixaron notar nas décadas seguintes á aprobación da lei limando as diferenzas interprovinciais observadas na época isabelina, o século XX comezará para Ourense situándose aínda en posición de vantaxe en canto á dotación de escolas públicas se refire.

En 1885, pouco antes do práctico estancamento rexistrado na rede de escolas públicas galegas cara a finais de século, o peso relativo do sector escolar público e do privado en Galicia era o seguinte:

Cadro 1

**Número de escolas públicas e privadas de Galicia
por 10.000 habitantes**

	Escolas públicas	Escolas privadas
A Coruña	10,71	4,54
Lugo	6,80	4,07
Ourense	15,73	1,54
Pontevedra	11,44	2,88
Galicia	11,06	3,40
España	14,12	3,21

Fonte: Narciso de Gabriel *Leer, escribir y contar*, op. cit., pp. 139 e 146.

Como se ve, Ourense non só figuraba á cabeza da clasificación galega no que se refire á dotación de escolas públicas, senón que incluso superaba a media española. Polo contrario, a relación era inversa en canto ó número de escolas privadas. Isto induce a pensar que as deficiencias da rede escolar pública debían suplirse coa iniciativa privada, feito polo cal é lóxico que en cada provincia galega o peso do sector privado fose inverso ó do oficial.

Agora ben, que Ourense contase cunha rede escolar pública máis ampla non quere dicir nin que os resultados da escolarización fosen superiores a outras zonas de Galicia (como era o caso da veciña Lugo)³¹ nin que o esforzo que viñan realizando os concellos resultase suficiente. Moi ó contrario, as deficiencias cuantitativas e cualitativas da ensinanza oficial nos inicios do novo século permitirán amplia-lo espazo escolar privado, xusto no momento en que o Estado aposta por facer realidade a escola para todos (obrigatoria).

³⁰ Tamén se pode entender, como sinalou o mesmo autor, que a existencia dun nutrido número de escolas particulares, moi adaptadas á demanda do medio rural galego, liberou a moitos municipios de facer esforzos económicos para soste unha escola pública, de xeito que desde este punto de vista a existencia de escolas privadas frearía a creación das públicas.

³¹ Novamente remitimos á información ofrecida por Narciso de Gabriel en *Leer, escribir y contar...*, op. cit., especialmente ó capítulo VIII: Resultados da ensinanza, pp. 413-432.

Coñecemos con bastante precisión a dotación de escolas públicas da provincia nos albores do século XX grazas ó “arreglo” escolar mandado facer pola Administración segundo a Real Orde de 31 de decembro de 1902³² (ver cadro nº 2). Se comparámo-la distribución de escolas públicas que hai en 1908 en cada partido xudicial coas que prevía a xa lonxeva Lei Moyano, resulta un saldo altamente negativo para todo o conxunto ourensán e para tódolos partidos xudiciais sen excepción, sobresaíndo polo déficit escolar que presentan os de Ourense e O Carballiño. Mellor servida de escolas mixtas (feito que se explica polas características demográficas da zona que obriga a establecer escolas unitarias de carácter mixto no medio rural) a provincia exhibe unha grande escaseza de escolas específicas de nenos e de nenas. Como consecuencia da demora que sufriu na época o decidido impulso da Administración na ampliación da rede escolar pública³³, a situación apenas varía en 1915 a excepción da reconversión de gran parte das escolas individuais de nenos e nenas existentes en establecementos mixtos, tendencia que se mantén na década seguinte. Será entón, xa plenamente na década de 1920, cando o volume de escolas públicas da provincia ourensá roce as previsións da xa septuaxenaria Lei Moyano.

cadro en páxina seguinte

³² Cando se incorporaron ó Estado as atencións da primeira ensinanza fíxose necesario levar un control exhaustivo das escolas públicas existentes en cada provincia. Nun primeiro momento, ante o temor de que os concellos, para favorecer ós mestres, aumentasen a categoría e o número das escolas existentes, dispúxose que subsistirían as prazas de entón mentres o Goberno determinaba o número, clase e distribución das de cada localidade. Con este motivo, dispúxose a formación do arreglo escolar de cada provincia por Real Orde de 31 de decembro de 1902 nos termos seguintes: “Los Ayuntamientos certificarán también aparte el número de Escuelas privadas, especificando las que han sido declaradas compensables como públicas y las condiciones de las mismas (...) Tanto los Ayuntamientos como las Secciones de Instrucción pública podrán solicitar el aumento de Escuelas que estimen necesarias (...). La Sección de Estadística e inspección deste Ministerio comparará los datos remitidos con los que obren en las oficinas centrales y hará una memoria de las Escuelas que deben existir, determinando el número, clase y distribución de las mismas de cada localidad” (Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, pp. 96-97).

³³ Aínda que o Estado tiña a firme vontade de incrementa-la rede escolar pública o proceso foise demorando ata mediados da segunda década do século. O Real Decreto de 19 de febreiro mandaba consignar no presuposto do Estado de 1905 as cantidades necesarias para aumenta-lo número de escolas, aínda que non se cumpriu este precepto. Entre tanto, dando cumprimento á Real Orde de 31 de decembro de 1902, procedeuse á formación do “arreglo” escolar das provincias determinando a categoría, número e distribución de tódalas escolas de España, proceso que se dilatou no tempo a causa das numerosas reclamacións e incidencias, de carácter particular a maior parte, a que deu lugar. A principios de 1913, é dicir, ós doce anos de iniciarse o “arreglo”, este achábase a punto de ser terminado, e no orzamento do Estado incluíase a cantidade dun millón de pesetas especialmente asignado á creación de novas escolas unitarias e graduadas. Previamente, por Lei de 23 de xuño de 1909 establecérase novas bases para a fixación do número de escolas, dispoñendo que a poboación escolar se calculase no 10 por 100 da poboación de dereito e que houbera unha escola, polo menos, para 60 nenos e nenas comprendidos en idade escolar (Vid. Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 85).

Cadro 2

Escolas primarias públicas da provincia de Ourense por Partidos Xudiciais (1908-1925)

	1908				1915				1920				1925			
	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais
Allariz	25	19	20	65	48	9	9	67	60	12	12	84	64	19	19	102
Bande	35	17	12	64	47	9	8	64	60	10	10	80	73	11	11	85
Carballiño	10	21	32	63	46	9	9	64	68	12	12	92	81	17	17	115
Celanova	17	27	21	65	37	13	12	62	62	16	17	95	67	21	22	110
Xinzo	25	24	19	69	49	11	11	71	70	13	13	96	75	15	16	106
Ourense	12	43	38	93	69	17	15	102	78	22	29	129	72	34	38	147
Trives	33	13	15	61	43	9	9	62	53	11	11	75	78	10	10	98
Ribadavia	12	18	21	51	32	10	10	54	68	10	10	88	55	14	14	89
Valdeorras	38	8	12	58	42	8	7	58	57	14	13	84	59	15	15	89
Verín	26	10	15	51	35	8	8	51	63	12	12	87	71	12	12	95
Viana	24	11	6	41	31	5	5	41	44	7	7	68	58	7	7	72

(Fonte: Elaboración propia: Os datos de 1908 elaboráronse a partir das fontes citadas no anterior cadro. Os de 1915 dos rexistros do AHUS, *Registros de Matricula 1868-1915*, Sección historia, A-319. Para os datos de 1920 recurriuse a Risco, Vicente, *Geografía General del Reino de Galicia* (Dir. F. Carreras y Candi), Volumen XI: Ourense, Tomo 2º, Ed. Gallegas, S.A. La Coruña, 1980. Os datos de 1923-1929 foron sacados do artigo publicado por: Couceiro Freijomil, Antonio, "La primera enseñanza", *Avance de la provincia de Ourense, 1923-1929*, Gobierno Civil de Ourense, Ourense, 1929, Imprenta Popular).

Cadro 3

Previsión de escolas segundo a Lei Moyano

Partidos Xudiciais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais
Allariz	20	38	38	96
Bande	35	26	26	87
Carballiño	12	56	55	123
Celanova	20	41	41	102
Xinzo	30	35	36	101
Ourense	16	75	73	164
Trives	30	29	29	88
Ribadavia	20	31	31	82
Valdeorras	35	24	24	83
Verín	23	29	29	81
Viana	43	15	15	73

(FONTE: Elaboración propia a partir do Diario Oficial de la Provincia, *Estadística Escolar de España en 1908*, 24-27-28-29-30 de Diciembre de 1909; 15-17-18-19-20-21-22-24-26-28 de Enero de 1910; 5-7-9-11-12-14-15-16-17-18-19-22-23-24-25-26 de Febrero de 1910; 1-2-3-4-6-7-9 de Marzo de 1910).

Cadro 4

Diferencia entre as escolas existentes e as que preve a Lei Moyano

	1908				1915				1920				1925			
	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais	Mixtas	Nenos	Nenas	Totais
Alariz	+5	-19	-18	-31	+28	-29	-29	-29	+40	-26	-26	-12	+44	-19	-19	+6
Bande		-9	-14	-23	+12	-17	-18	-23	+25	-16	-16	-7	+38	-15	-15	-2
Castellino	-2	-39	-23	-60	+34	-47	-48	-59	+58	-44	-43	-31	+69	-39	-38	-8
Celanova	-3	-14	-20	-37	+17	-28	-29	-40	+42	-25	-24	-7	+47	-40	-38	+8
Xirzo	-5	-11	-17	-32	+19	-24	-25	-30	+40	-22	-23	-8	+45	-20	-20	+5
Ourense	-4	-32	-35	-71	+53	-58	-58	-82	+62	-53	-44	-35	+56	-41	-35	-17
Trives	+3	-16	-14	-27	+13	-20	-20	-26	+23	-18	-18	-13	+48	-19	-18	+10
Ribadavia	-8	-13	-10	-31	+12	-21	-21	-28	+48	-21	-21	+6	+25	-17	-17	+7
Valdeorras	+3	-16	-12	-25	+17	-16	-17	-25	+22	-10	-11	+1	+24	-9	-9	+6
Verín	+3	-19	-14	-30	+12	-11	-11	-30	+40	-17	-17	+6	+48	-17	-17	+14
Viana	-19	-4	-11	-32	-12	-10	-10	-32	+1	-8	-8	-5	+15	-8	-8	-1

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citada no cadro 2)

A infradotación de escolas oficiais nestes primeiros anos do século XX, acompañada polas penosas condicións dos locais das escolas e polas carencias de formación dun amplo sector do maxisterio público³⁴, deixaba un amplo espazo de actuación á iniciativa privada (ver cadro nº 4), só en parte cuberto por algo máis do centenar de escolas –maioritariamente elementais– que funcionaban na provincia.

cadro en páxina seguinte

³⁴ É moi ilustrativa, neste sentido, a información ofrecida na memoria redactada en 1904 polo inspector de ensinanza primaria na provincia, D. Salvador de Juan e Ponsoda. Dos locais comenta que das 61 escolas visitadas soamente 17 están en bos locais, 21 en regulares e 23 en malos. En canto ós mestres, constata que na súa maior parte acreditan como único título profesional o certificado de aptitude.

Cadro 5

Evolución do número de escolas privadas na provincia de Ourense (1877-1921)

	Superiores		Elementais			Párvulos
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Mixtas	
1877-78	1	3	116	1		
1878-79	2	3	118	20		
1879-80	2	3	116	19		
1880-81	2	3	61	20		
1881-82	2	3	61	20		
1882-83	2	2	61	20		
1883-84	2	1	62	19		
1884-85	2	2	26	27		
1885-86	3	2	65	16		
1886-87	3	2	67	18		
1887-88	1	4	7	19		
1888-89	2	4	12	22		

	Superiores		Elementais			Párvulos
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Mixtas	
1896***	35					
1900-01**			21	13	9	
1907-08	2	-	26	90		4
1908-09	-	-	30	26		5
1909-10	-	-	30	26		5
1910-11	2	-	26	90		4
1911-12	2	-	26	90		4
1912-13	2	-	26	90		4
1913-14	2	-	26	90		4
1916*	20					
1921*	15					

(FONTE: Universidad de Santiago, *Memoria acerca del estado de la Universidad de Santiago en el curso de 1877 a 1889*, Santiago, Tipografía de José María Paredes; *Idem Curso de 1907 a 1908*, Santiago, Tipografía de José María Paredes, 1908, p.42; *Idem, Curso de 1908 a 1909*, Santiago, Tipografía de "El eco de Santiago", 1912, p. 41; *Idem, Curso de 1909 a 1910*, Santiago, Tipografía de José M^o Paredes, p. 41; *Idem, Curso de 1910 a 1911*, Santiago, Tipografía de José M^o Paredes, p. 35. *Idem, Curso 1911 a 1912*, Santiago, Tipografía de José M^o Paredes, p. 40; *Idem, Curso 1912 a 1913*, Tipografía de José María Paredes, p. 40. Os datos con asterismo foron extraídos dos *Anuarios Estadísticos de España para o ano 1916 e 1928-29*, Madrid, Dirección del Instituto Geográfico y Estadístico, Imprenta de Sucesores de Rivadeneyra. Os datos con dous asteriscos foron tomados do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, *Anuario Estadístico de Instrucción Pública correspondiente al año 1900-01*, Imprenta Liberia y encuadernación de Rafael G.Menor, Madrid, 1904, pp.209-213, o dato con tres asteriscos é o ofrecido para ese ano por Narciso de Gabriel en *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, A Coruña, Castro, 1990, p. 143

¿De que escolas se trataba? Coñecemos-lo seu número (un número aproximado e variable pola grande inestabilidade desta clase de escolas) e as condicións xerais da escolarización nas escolas privadas existentes a principios de século a través dos informes e estatísticas que, dando cumprimento á lexislación vixente, elaborou a inspección escolar provincial. En anos sucesivos, a oferta escolar irase renovando e ampliando (nalgúns casos, adaptando) ó compás das novas necesidades sociais e dos cambios e esixencias que comportan para este tipo de establecementos a nova lexislación escolar que se mencionou. Chegados aquí, preguntámonos: ¿suporán estes cambios unha certa renovación das escolas privadas que se vain abrindo en Ourense? ¿Suplirá realmente a oferta privada as carencias da oficial? ¿Que características presenta a oferta escolar privada da época? Estes e outros interrogantes irémolos debullando a continuación.

Empecemos por describi-la situación á entrada do século. Os datos dispoñibles evidencian a perda de escolas privadas na provincia ourensá a partir de mediados da década de 1880, circunstancia que moi probablemente estea en relación co cambio de titulari-

dade (escolas privadas compensables como públicas) que permite a Real Orde de 7 de abril de 1882, norma que dispón que se poderán compensar como escolas públicas aquelas que reúnan unha serie de requisitos entre os que figuran que os seus mestres ou mestras posúan título profesional correspondente ó grao da escola e que se acepte a inspección das mesmas³⁵. É de supoñer que as escolas que cumprisen tales requisitos adquirisen a condición de escolas públicas. Posiblemente isto explicaría que Ourense comece o século con menos escolas privadas ca en décadas anteriores e que as condicións que presentan as existentes (as que supostamente non puideron contabilizarse como públicas) fosen tan lamentables que, trala visita ás mesmas, o inspector provincial, Salvador de Juan e Ponsoda, se atrevese a opinar que “pedagógicamente consideradas no merecen el nombre de tales”³⁶. O mesmo inspector, aplicando a lexislación de 1902, estimaba que habían de cerrarse 89 escolas (case tódalas que funcionaban), entre elas, 19 correspondían ás chamadas “de ferrado”. O Carballiño, con 9 escolas, Allariz, con 8, e A Veiga, con 7, (estas últimas de temporada) eran os municipios que contaban con máis escolas que debían deixar de funcionar (ver cadro nº 6). O futuro (sempre incerto) destas escolas é ben variado: unhas acaban pechando, outras resístense a facelo e a pesar do control a que se ven sometidas continúan ofrecendo os seus servizos como se ten constancia diso³⁷; tamén as hai que fan esforzos por adaptarse ás condicións esixidas pola lexislación de Romanones.

cadro en páxina seguinte

³⁵ Ascarza, V. F.: *Op. cit.*, p. 96.

³⁶ Non obstante, segue informando o inspector que nas aldeas son bastante apreciadas, unhas veces porque se sitúan a grandes distancias das públicas, e as máis, porque os encargados delas se someten ás esixencias dos pais, cousa que non sempre conseguen do mestre público (...) “Sólo los que se dedican a ganar algunas fanegas de maiz o de centeno pueden prestarse a desempeñar este papel”, aludindo ós escolantes (non mestres), pagados en especie, que temporalmente brindan os seus servizos no medio rural. *Memoria anual del inspector de enseñanza primaria Salvador de Juan y Ponsoda (1904)*, documento transcrito e comentado por Antón Costa Rico e Narciso de Gabriel en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 1, 1987, p. 227.

³⁷ Cóstanos que nalgún caso a orde de cerre foi desoída, motivo polo cal o Inspector envía a seguinte carta ó Reitor da Universidade de Santiago: “Noticiosa esta Inspección de que todas o parte de las escuelas de particulares de Rivadavia seguían funcionando a pesar de la Orden de clausura de ese Rectorado que consta en esta oficina haberles sido entregada pregunté oficialmente al maestro de escuela pública de aquella villa quien me comunica con fecha del quince lo que sigue: De conformidad con lo ordenado por usted he averiguado que de las escuelas particulares de esta villa que se han mandado clausurar siguen funcionando las de Doña Benita González Cadórniga, sita en la Plaza de la Magdalena nº 2, la de D. Domingo Antonio Vázquez, sita en la calle de Chao e la das Hermanitas sita en el exconvento de Santo Domingo...” (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, *Enseñanza primaria. Antecedentes de dotación y creación de escuelas (1861-1915)*, caja 86).

Cadro 6

Escolas que deben cesar en Ourense por aplicación da Lei de 1902

	De Mestres	De Mestras	Total	Mixtas	Nenos	Nenas	Párulos	Gratuita	Pago	Temporada
Allariz	5	3	8	8						8
Barbadás	1	-	1	1						1
B. Molgas	1		1	1					1	1
Bola	2	1	3	3					3	1
O Barco	1		1	1					1	1
C. Caldeas	1		1		1				1	
Cea	4		4	4					4	
Canedo	1	1	2	2					2	
Carballiño	6	3	9	6	2	1			9	
Esgos	1	1	2		1	1			2	
Gomesende	3		3	3				1	2	
Irixe	2		2	1	1				2	
Laza	1		1	1					1	
Merca	1		1						1	1
Maside	2	3	5	5					5	
Nogueira	1	1	2	2					2	
Ourense	1	3	4	1	1	1	1		4	
Paderne	2		2	2					2	
Petín	1	1	2	2					2	
Pereiro	1		1	1					1	
Piñor	2		2	2					2	1
Peroxa	3		3	3					3	
Rúa	1	2	3	3					3	
Rivadavia	2	4	4		2	4			4	
Sandiás	1	1	2	2					2	1
Trives	3	1	4	1	2	1		1	4	
Taboadela		1	1			1			1	1
Verín		2	2			2			2	2
Viana	2		2	1	1			2		
Veiga	7		7	7					7	7
Xínzo		2	2	2					2	
X. Ambía		1	1	1					1	1
Total	59	31	90	65	11	11	1	4	85	18

(FONTE: Elaboración propia a partir da información ofrecida polo Inspector Salvador J. De Pousoda. A.H.U.S., Ensino primario. Antecedentes de dotación e creación de Escolas (1816-1915), caixa 86)

Sexa como for, a partir de 1902 dispáranse as solicitudes de apertura de escolas na provincia. Na base están tódolos factores apuntados ata o momento: práctico estancamento da oferta educativa pública, peche dun número importante de escolas privadas, intento de regulariza-la situación de escolas xa existentes..., xunto a outros factores que ceais empecen a actuar na época: leve incremento da demanda educativa nalgunhas zonas da provincia, maior número de profesionais da ensinanza dispostos a brinda-los seus servizos á comunidade (non se esqueza o progresivo incremento do persoal feminino no maxisterio primario), a expansión dalgunhas ordes relixiosas dedicadas á ensinanza, o impulso educativo levado a cabo por parte de certas sociedades (laicas e relixiosas)³⁸ e dalgunhas fundacións benéficas.

Se analizámo-la distribución xeográfica da oferta escolar nestes anos iniciais do século XX (ver cadro nº 7) comprobamos que as escolas tenden a establecerse, sobre todo, na capital, onde se abren 25 escolas particulares que representan case a cuarta parte do total, as vilas máis importantes, en que se crean 27 escolas que representan practicamente outra cuarta parte do conxunto, e outros municipios de menor entidade co 50 por cento restante. Só en Ourense capital e nas aldeas do seu arredor abren 48 escolas privadas, incluída algunha, como o Colexio Villar, que regulariza a súa situación. Por municipios (ver mapa 2) a maior afluencia de escolas privadas corresponde, con algunha excepción, ós localizados na zona norte da provincia, xustamente a zona limítrofe con Lugo, a provincia galega que tradicionalmente contou cunha rede escolar privada máis mesta. Nelas sitúanse O Carballiño, Maside, Vilamarín, Ourense, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar, A Teixeira, Trives, O Bolo e O Barco, entre outros municipios. Fronte a esta franxa que manifesta máis actividade, a zona sur ourensá, no límite con Portugal, queda sen rexistrar ningunha nova solicitude de escola privada. Entre ambas, unha banda central con municipios como Ribadavia, Castrelo, Celanova, Ramirás, Xinzo, Allariz, Xunqueira de Ambía, Vilar de Barrio, Laza e, máis ó leste, Viana do Bolo e A Veiga, que contan coa solicitude dun número variable de escolas. Por se a hipótese da compensación entre as escolas públicas e privadas se confirmaba, a comparación dos mapas 1 (distribución de escolas oficiais na provincia) e 2 (municipios onde se solicitan escolas) manifesta a existencia de certa relación neste sentido, aínda que as excepcións son frecuentes: é certo que parte do sur da provincia, a que non abre privadas (Lobios, Muíños, Calvos de Randín, Blancos, Baltar, Cualedro...) conta cunha aceptable dotación de escolas públicas, e que algúns dos municipios do norte provincial (Cea, Vilamarín, A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Parada...), que figuran entre os que rexistran máis solicitudes de apertura de privadas, presentan un déficit considerable de públicas, pero tamén é certo que nesta teoría da compensación hai bastantes excepcións: Trives, Rivadavia, A Teixeira, Montederramo, Laza... constitúen un claro exemplo.

cadro en páxina seguinte

³⁸ Cabe citar neste sentido a Sociedad de Agricultores de Coles, a Sociedad de Agricultores, Oficios y Profesiones de Carballino, a Agrupación de Libreprofesores de Orense, o Círculo Obrero Católico da capital e algúns grupos ou sociedades de emigrantes.


Cadro 7

Escolas privadas que se solicitan abrir por partido xudicial (cabeza de partido/resto)

	Allariz		Bande		Carballiño		Olanova		Xinzo		Ourense		Trives		Ribadavia		O Barco		Verín		Viana		Total		
	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	Cap.	Resto	
1902	3	1					1				7	1					1								14
1904						1	1		1	1															4
1905	1			2	3		1	2		5	2	2	1	3	1				1						24
1906				1	3					2	3		1												10
1907	1			2						1	2			1	1								1		9
1908	1				1					2	5					2	1								12
1909							1			3	1	1	1		2	1							1		11
1910	1				1					1	1		1										1		6
1911											2														2
1912						1					1	3		1		2									8
1913						1						1											1		3
1916															1										1
1917											1														1
1918											1														1
1920															1										1
1923														1											1
1926							1																		1
1927													1												1
1928											1														1
Total	3	5			5	10	3	3	2	1	25	22	4	6	6	6	3					1	1	3	111

(FONTE: Elaboración propia a partir dos Expedientes de Solicitudes de Apertura de Escolas consultados no A.I.O.P., *Solicitudes de apertura de Escolas*, Legaxos sen clasificar, e no A.H.U.S., *Escuelas privadas. En relación con los expedientes personales*, Sección Histórica, legaxos 229-230-233-234-235. O * indica que neste ano tamén se solicita abrir unha escola pero non se indica o lugar polo tanto serían 9)

Mapa 2. Lugares onde se solicita a apertura de escolas



Se atendemos ás persoas que solicitan dirixir unha escola (ver táboa)ponse de manifesto que os lugares preferidos polas mulleres para establecer as escolas son as vilas (Rivadavia, Celanova, O Carballiño, Trives...) e a capital, mentres que os homes tenden a preferir entidades poboacionais máis rurais. Non cabe dúbida de que as condicións de vida e de traballo para as mestras novas que queren poñer escola son mellores nos núcleos de poboación máis grandes, o medio rural, máis duro e problemático para o profesional da ensinanza, queda reservado para os homes, que dito sexa de paso, tamén son os que exhiben, en termos relativos, unha formación máis deficiente³⁹. Cóstanos que algo máis da terceira parte das persoas que solicitan dirixir unha escola privada teñen título profesional (23 dos 75 solicitantes masculinos e 15 das 35 solicitantes femininas), mentres que só nove deles (oito homes e unha muller) manifestan estar desprovistos de titulación. O resto omite esta información nos expedientes consultados, pois non hai que esquecer que a lexislación escolar da época seguía sen esixir este requisito para o exercicio da profesión no nivel educativo primario⁴⁰.

³⁹ Narciso de Gabriel tamén constata que, no medio rural, o oficio de escolante era fundamentalmente masculino e que a presenza de mulleres na ensinanza privada era maior nos núcleos urbanizados (*Escolantes e escolas de ferrado*, op. cit., pp. 47 e 49).

⁴⁰ Servíndonos do *Libro Registro de Escuelas y Maestros de la provincia de Orense entre 1890 y 1915* que se conserva no Arquivo da Delegación provincial de Educación, comprobamos que o partido xudicial de Allariz entre estas datas contou con 17 mestres e 12 mestras. A formación dos mestres era a seguinte: 1 mestre superior, 9 mestres elementais e 7 con certificado de aptitude. A formación das mestras: 6 mestras con título superior, 2 con título elemental e 4 sen dato.

Cadro 9

Porcentaxe de solicitantes por titulación

Mestres						Mestras					
Título			Sen título	Non consta	Total	Título			Sen título	Non consta	Total
Sup	EI	Nc				Sup	EI	Nc			
5,2	6,5	18,4	10,5	57,8	100 (76)	17,1		25,7	1,3	48,5	100 (35)

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas anteriormente)

Cadro 10

Solicitude de apertura de escolas segundo a titulación do solicitante

	Mestres						Mestras					
	Título			Sen título	Non consta	Total	Título			Sen título	Non consta	Total
	Sup	EI	Nc				Sup	EI	Nc			
1902-07	2	2	6	3	23	36	6		6	1	14	27
1908-12	2	2	5	4	20	33			1		3	4
1913-17		1	2		1	4					1	1
1918-22			1	1		2						
1923-28					1	1			2		1	3
Total	4	5	14	8	44	76	6		9	1	17	35

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas anteriormente)

En canto ó tipo de escolas que se solicita abrir, seguindo a clasificación establecida para a ensinanza primaria por o Real Decreto de 26 de outubro de 1901: párvulos, elemental e superior, á que haberá que engadi-la de adultos, resulta que aínda que non sempre se indique na solicitude o tipo de escola de que se trata (ver cadro nº 12), as materias que se imparten ou o material de que se dispón conducen a asegurar que se trata de escolas de carácter elemental. Resulta case anecdótica a presenza dalgunha escola superior: dúas na capital e outras dúas en vilas ourensás. É escasa a oferta de escolas de párvulos normalmente asociadas ás escolas que imparten ensinanza elemental. Aínda que hai que ter en conta que ás veces se omite indicar que a escola acolle tamén a párvulos pese a que a temperá idade de admisión de alumnos revela que na práctica funcionan como escola elemental e de párvulos. En certas ocasións, tamén de maneira excepcional, impártese ensinanza para os adultos⁴¹.

⁴¹ As escolas de adultos de carácter privado das que nos consta o seu funcionamento están localizadas en Cudeiro (escola elemental rexida por Ricardo López Luma destinada a párvulos, nenos e adultos), Pena de Reádegos, no municipio de Vilamarín (escola de nenos e adultos a cargo de Vicente López Durán), Pousada, municipio de Maside (escola de párvulos, nenos e adultos rexida por Valentín Castro), Pobra de Trives (escola primaria, de adultos, asilo para orfos e ensinanza técnico-profesional en agricultura, comercio e industria para os mozos a cargo dos Hermanos de las Escuelas Cristianas), en Coles (escola sostida pola Sociedade de Agricultores de Coles) e Ourense capital (a escola de adultos que o Círculo Católico Obrero ourensán crea en 1899 e as clases de adultos que se imparten na Escuela Neutral Laica de Ourense).

Excepto tres casos en que dúas mestras no Carballiño e un mestre en Nogueira de Ramuín queren rexentar exclusivamente unha escola de párvulos, a solicitude de ámbalas modalidades de escolas vai unida á dunha escola elemental⁴². Só hai un expediente en que se solicita expresamente a apertura dunha escola de temporada. Trátase dunha escola sita en Celavente (O Bolo) rexentada por un profesor e que funcionaría durante os meses de decembro, xaneiro, febreiro e marzo.

No referente á tipoloxía de escolas por sexo, o cadro nº 12 mostra que aínda que se carece deste dato para unha elevada porcentaxe de solicitudes (un 37%) os datos dispoñibles levan a pensar que só en torno ó 30 por cento se trata de unitarias dun ou doutro sexo, maioritariamente localizadas no medio urbano e semiurbano. O resto, practicamente a maioría, son unitarias mixtas como corresponde ás características da poboación rural ourensá.

Das escolas rexistradas que abren as portas ou regularizan a súa situación nas dúas primeiras décadas na provincia, a maior parte (un 87 por cento) son escolas creadas por particulares, mestres, mestras ou calquera persoa que di estar en condicións de poñer escola dado que a lexislación non esixe o título profesional. Só unha pequena porcentaxe de establecementos de primeira ensinanza ten unha orixe distinta. Trátase de escolas (na terminoloxía da época "colexios") de longa traxectoria na provincia establecidas por comunidades relixiosas: os Padres Escolapios en Celanova⁴³, os Hermanos Maristas en Ourense capital (solicitan ampliar clases en 1910) e Ribadavia (1916), Hermanos de las Escuelas Cristianas na Pobra de Trives (1908), Escuela del Ave María (do Padre Manjón) na capital (1917), Hermanitas del Asilo de Ancianos Desamparados en Ribadavia e O Carballiño (1905)⁴⁴. Ademais, tamén é significativa a presenza de entidades e asociacións de distinta adscrición ideolóxica e social que establecen (e sosteñen total ou parcialmente) unha escola en Ourense: trátase das escolas fundadas polos veciños da parroquia de Reádigos residentes en América en 1907, pola Agrupación Librepensadora de Ourense a instancias de emigrantes ourensáns en Arxentina, coñecida como Escuela Neutral Laica Orensana (ENLO), en 1909, polo Círculo Católico de Obreros en 1899 (en 1902 solicitan a autorización), pola Sociedad de Agricultores, Oficios y Profesiones de Carballino en 1907, pola Sociedad de Agricultores de Coles, en 1913, polo Patronato de D. Florentino Temes en Riobó (1902) e pola Fundación "Parada" en Morgade (Xinzo), en 1904.

Mentres os solicitantes das escolas específicas para un e outro sexo son ben mestres ou mestras en función dos destinatarios (tamén comunidades relixiosas dun ou doutro sexo), as escolas mixtas son solicitadas tanto por homes coma por mulleres, aínda que é maior a presenza masculina.

⁴² Hai dous profesores, un en Cudeiro e outro en Maside, que solicitan a apertura dunha escola de primeira ensinanza de nenos, párvulos e adultos. Outros dous, en Reádegos (Vilamarín) e Quintela de Leirado, inclúen xunto á dunha escola mixta de primeira ensinanza a de adultos.

⁴³ Esta comunidade, que tiña un colexio de primeira e segunda ensinanza que xa viña funcionando en Celanova con grande éxito, solicita en 1902 a autorización pertinente para continuar.

⁴⁴ Na década de 1920 creáronse na provincia outras dúas escolas de nenas rexidas por ordes relixiosas. Trátase da escola fundada polas Terciarias Franciscanas "Divina Pastora" en Celanova (Rúa de Alfonso XIII, nº 1) no ano 1926, e da escola aberta polas Servas de San Xosé en Trives (Rúa do Marqués de Trives, nº 91), en 1927.

Cadro 12

Solicitude de apertura de escolas segundo a titularidade

	Laicos				Relixiosos				Non consta
	Capital	Vilas	Pobos	Total	Capital	Vilas	Pobos	Total	
1902-07	16	18	23	57		4		4	1
1908-12	4	2	28	34	3	1		4	
1913-17		1	2	3	1	1		2	
1918-22	1		1	2					
1923-28			2	2		2		2	
Total	21	18	56	98	4	8		12	1

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas anteriormente)

4. As condicións da escolarización

A fonte de que nos valem para esta investigación permite coñecer, ata certo punto, cales eran as condicións da escolarización nas escolas particulares de principios de século. Dicimos ata certo punto porque a información que nos proporcionan os expedientes de apertura de centros non supoñen máis ca unha “interesada” declaración de intencións de quen solicitan a apertura (dado que dependerá a autorización da Administración). Aínda que nos consta que as esixencias administrativas son mínimas a teor dos informes favorables emitidos polo Reitorado para moitas escolas. De tódolos xeitos, a realidade destas escolas particulares, nas súas múltiples facetas, sempre tenderá a estar por debaixo das expectativas que derivan da mera declaración de intencións dos que van rexelas⁴⁵. Dito isto, procedamos a analizar algúns dos interrogantes básicos que nos permite desvelar a documentación citada:

Quen ensina?

Aínda que é difícil obter información precisa acerca das persoas que solicitan abrir un establecemento de ensinanza, posto que a lexislación non esixe aínda estar en posesión do título profesional, cóstanos que cada vez son máis os mestres e as mestras titulados que rexen escolas particulares, fundamentalmente as establecidas na capital e nas principais vilas ourensás. Pero, sobre todo, cada vez hai máis mulleres que se incorporan á ensinanza como o demostra o que o 35 por cento das escolas particulares, tódalas de nenas e algunhas das mixtas, estean rexidas por unha mestra⁴⁶. Mellor preparadas cós seus homólogos masculinos, cóstanos que cinco delas, catro na capital e unha no Carballiño, teñen o título de mestra superior⁴⁷.

⁴⁵ De feito, a descrición que fai un mestre ourensán da escola rural nos anos vinte (sen especificar se se trata da pública ou da privada) é moi desalentadora.

⁴⁶ Os datos reflicten que aínda que hai máis homes ca mulleres titulados, en relación ó total de cada grupo é maior a porcentaxe de mestras con título profesional, destacando o número das que están en posesión do título superior.

⁴⁷ Trátase de Elisa Lamas Aviñoa, con escola na capital (Rúa da Liberdade, nº 23), María do Carmen Remedios Álvarez, con escola na capital (Rúa da Pereira, nº 1), Dolores Rodríguez Fernández, con colexio sito na capital (Rúa de San Fernando, nº 21), Margarita Salgado López, escola na capital (Rúa de Lepanto, nº 9) e Florentina Amor do Corazón de María, das Hermanitas dos Ancianos Desamparados da Vila do Carballiño, directora da escola creada por esta institución para as nenas pobres da vila.

Entre a ampla porcentaxe dos ensinantes que con case toda seguridade non pasaron pola Escola Normal (8 que expresamente din non telo e 55 dos que non nos consta o dato) non sabemos cántos compatibilizarán a ensinanza con outra profesión. Só coñecemos que hai un párroco e un capitán de infantaría que queren poñer escola. Excepcionalmente, á fronte da escola que solicita a Sociedad de Agricultores, Oficios y Profesiones de Carballino figuran catro socios: un médico, un avogado, un perito agrícola e un procurador dos tribunais de Xustiza.

Salvo cando a escola é de carácter gratuíto, os honorarios do mestre ou mestra corren a cargo dos pais ou dos responsables de cada neno. A retribución é sempre en diñeiro, nunca, como nas escolas de ferrado, en especie. A cantidade era moi variable e oscilaba entre os sesenta e cinco céntimos que cobra o mestre de Reádegos (1908) ós nenos menores de dez anos (ós adultos cóbralles unha peseta) e as catro e ata cinco pesetas por mes e neno que cobran outros. En moitos casos, a cota dependerá da idade, de xeito que os máis pequenos supoñen menos desembolso para os pais, coma no caso da escola rexentada por Benxamín Vázquez, mestre superior, que cobra “por cada niño que no sepa escribir dos pesetas y por los que están más adelantados tres pesetas”⁴⁸. Uns establecen o pago mensual por anticipado, outros ó finaliza-lo mes, aínda que hai os que son moito máis flexibles e establecen “el pago por mensualidades segundo la condición de cada uno”⁴⁹.

Que se ensina?

Lembremos que o currículo da escola primaria fora recentemente ampliado e unificado –para todo tipo de escolas, a saber, de párvulos, elementais e superiores– por Real Decreto de 26 de outubro de 1901. Desde entón desaparece a discriminación curricular consolidada pola Lei Moyano para que todos –nenos e nenas, do medio rural e do urbano– aprendan: “Doctrina cristiana y Nociones de Historia Sagrada, Lengua Castellana: Lectura, Escritura y Gramática, Geografía e Historia, Rudimentos de Derecho, Nociones de Geometría, Nociones de Ciencias físicas, químicas y naturales, Nociones de Higiene y de Fisiología humana, Dibujo, Canto, Trabajos manuales y Ejercicios corporales”⁵⁰. Os tres graos de ensinanza abrangerán este conxunto de disciplinas, “distinguíndose únicamente por la amplitud del programa y por el carácter pedagógico y duración de sus ejercicios”⁵¹.

¿Cumprían as escolas que se crean estes anos a esixencia do mencionado decreto ofrecendo o abano de materias citadas anteriormente? Neste, coma noutros moitos aspectos da ensinanza, a realidade pouco tiña que ver co lexislado. Nin a maior parte dos mestres e mestras estaban preparados para facelo, nin a sociedade, sobre todo a rural, demandaba aínda unha preparación esixente máis acorde co que prescribía a pedagogía moderna e coas esixencias dunha sociedade desenvolvida. A Administración, como

⁴⁸ Regulamento da escola rexida por Benjamín Vázquez, Ourense, 1902. Expedientes de apertura de escolas. Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense.

⁴⁹ Regulamento da escola de primeira ensinanza rexentada por Ramón Carrete no Carballiño, 1907. Expedientes de apertura de escolas. Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense.

⁵⁰ Artigos 3 e 4 do Real Decreto de 26 de outubro de 1901. *Historia de la Educación en España. T. III De la Restauración a la República*, Ministerio de Educación e Ciencia, 1989, p.163.

⁵¹ *Ibidem*.

vimos, tardará en facer efectivo o empeño pola escola agora manifestado e as elites locais non mostrarán grande interese pola formación do pobo⁵². A análise do currículo escolar ofertado nas escolas particulares ourensás (o real será aínda máis escaso) mostra que segue habendo distinción entre o currículo masculino e o feminino, entre o que aprenden os nenos e as nenas dunha selecta minoría urbana ou semiurbana (salvo contada excepción) e o que aprenden os nenos e as nenas do medio rural. Por suposto, para todos, a lingua vehicular é o castelán.

Para os nenos ofrécese tres currículos: un que podemos chamar básico e que é maioritario; outro intermedio, bastante restrinxido, e un terceiro ampliado só aplicado nun reducido e selecto grupo de escolas. O primeiro, o que ofrecen practicamente a maior parte das escolas de carácter mixto (por iso tamén extensivo ás nenas que asisten a elas⁵³), en nada variou respecto ó currículo escolar xeral da escola primaria galega do século anterior: lectura, escritura, cálculo, doutrina cristiá e historia sagrada e urbanidade (normalmente unida á moral)⁵⁴. O segundo amplía algo máis a oferta escolar incluíndo gramática castelá, xeografía e historia de España, xeometría e nocións de agricultura. O terceiro, que máis ben constitúe unha excepción no conxunto do subsistema escolar privado ourensán, ofrece case tódalas materias prescritas pola lei e engade incluso algunha aprendizaxe máis, como o francés⁵⁵ e a instrución cívica. É significativo constatar que entre dezanove currículos examinados pertencentes a escolas de nenos (corresponderían, na súa maioría, ós de segundo e terceiro tipo) só en tres deles se inclúen as novas materias de rudimentos de dereito, nocións de hixiene e de fisioloxía humana, elementos de ciencias físicas, químicas e naturais, debuxo, traballos manuais e canto. Os exercicios ximnásticos, sen dúbida unha das disciplinas máis innovadoras, figuran no impartido pola Escuela Laica Neutral de Ourense (ENLO), o Colexio “San José” dos Maristas de Ribadavia e a Escuela del Ave María da capital. Polo contrario, pervive a ensinanza da agricultura, nalgúns casos asociada ós rudimentos da industria e o comercio, unha disciplina comprendida no currículo da Lei Moyano. Algunhas escolas priorizan, como en tempos anteriores, a “correspondencia familiar y práctica”.

En canto ó currículo das nenas hai que falar igualmente do predominio do máis básico, sobre o papel similar ó dos nenos –xa que se trata de escolas mixtas– aínda que na práctica todo fai pensar que algo máis restrinxido, como tradicionalmente viña ocorrendo, nas escolas galegas⁵⁶; do intermedio, constituído pola lectura (impresa e manuscrita), escritura, nocións de gramática castelá, doutrina cristiá e historia sagrada, xeografía, labores e urbanidade, e do ampliado no que só se agrega a ortografía, a xeometría, o debu-

⁵² É elocuente, a este respecto, a opinión dun intelectual do momento, Eduardo Moreno López, que mostrou un enorme ineterese por eleva-la cultura dos ourensás ideando un Plan de difusión e intensificación da cultura na provincia de Ourense presentado con ocasión dos Xogos Florais de 1906. Vid. Benso Calvo, C.: “A educación popular na obra de Eduardo Moreno López”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 3, 1999, pp. 65-91.

⁵³ Se a escola é rexida por unha mestra para as nenas ofreceranse labores.

⁵⁴ Extra.

⁵⁵ É o caso da escola dos Hermanos Maristas de las Escuelas Cristianas da Pobra de Trives, creada en 1909.

⁵⁶ Vid. De Gabriel, Narciso: *Leer, escribir y contar...*, op. cit, cap. VI: Materias de ensinanza, pp. 335-376, especialmente, no que respecta ó currículo feminino a partir da páx. 371.

xo, a hixiene e a economía doméstica (esta última asociada tamén ó currículo establecido pola Lei de 1857). Excepcionalmente esténdese tamén a unha ensinanza máis profesional: cortar e confeccionar toda clase de roupa branca e de color, bordados, pasado de roupa. Extraordinaria importancia cobra para as nenas a aprendizaxe das normas de moral e urbanidade (postas ó servizo da disciplina escolar) practicadas rigorosamente na clase como establecen os regulamentos. Velaquí unha mostra:

“Se prohíbe dentro de la Escuela romper o ensuciar mesas, papeles y otros objetos. Irán a la escuela provistos de sus libros o útiles de enseñanza . Se tratarán entre sí como buenas hermanas y no deben distraerse unas a otras en las horas de estudio. Deben ponerse en pie cuando entre en la escuela alguna autoridad (...). Se prohíbe que tomen libros que no sean de su uso. Deberán ir a sus casas sin detenerse en ninguna parte y saludarán a sus padres”⁵⁷.

Como é obvio, as escolas de nenas instaladas nos núcleos de poboación máis importantes da provincia –a capital e algunhas vilas– rexidas polas mestras máis e mellor formadas (varias delas, como xa indicamos, con título de mestra superior) ofrecen o currículo máis actualizado e completo.

Paga a pena destacar, neste coma noutros elementos escolares, a Escuela Laica Neutral establecida en Ourense, unha escola ferreriana, racionalista, que funcionou desde 1909 ata 1936. O expediente de apertura desta escola manifesta a excelente formación do mestre encargado da mesma, D. Hipólito Sinfiriano Luengo, e a concepción dunha ensinanza, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos, conforme ó modelo das escolas racionalistas da época. Sen dúbida, alomenos nas súas iniciais formulacións didácticas, a mellor escola privada (e atrevémonos a dicir tamén pública) ourensá da época.. Outro centro privado creado nestes anos que sobresa, paradigma dos da súa índole que viñan funcionando na provincia (o colexio dos Irmáns Maristas na capital, que solicita a ampliación das súas clases en 1910, e o dos Padres Escolapios en Celanova) é o Colexio San José creado pola Orde Marianista en Ribadavia en 1916. Trátase dunha escola graduada, con tres unidades ou clases (elemental, media e superior). Non segue fielmente o plan concéntrico que marcaba a lexislación de Romanones, de xeito que os contidos figuraban distribuídos nos tres graos do modo seguinte:

1ª clase (elemental): Lectura, escritura, catecismo, historia sagrada, cortesía, exercicios ximnásticos, leccións de cousas, cálculo mental, declamación e canto.

2ª clase (media): Lectura expresiva, escritura, catecismo, historia sagrada, cortesía, exercicios ximnásticos, debuxo, xeografía, Historia patria, canto, aritmética.

3ª clase (superior): Lectura expresiva, catecismo, libro, debuxo e mapas, exercicios ximnásticos, gramática, ditado, análise, canto, ciencias, nocións de dereito, aritmética e xeometría.

Un terceiro centro que merece a pena destacar, creado na capital en 1917 (rúa do Padre Feijoo, nº 8), é a “Escuela del Ave María”, a instancias de Bruno Martínez Díez, natural de Burgos, mestre e profesor das escolas de Ave María do Padre Manjón. De

⁵⁷ Regulamento da escola de nenas de Pilar Pereira Santos, sita na capital, 1902. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

carácter gratuíto e destinada a nenos pobres e orfos, ensinaba lectura, escritura, catecismo e historia sagrada, aritmética, nocións de ciencias físico-naturais, xeografía e historia de España, xeometría e ximnasia.

Onde se ensina?

Como na solicitude de apertura tiña que incluírse o plano do local onde se ía da-la ensinanza (con nota explicativa do mesmo) é relativamente fácil describi-lo espazo destinado a escola. Na súa maior parte consiste nunha única estancia, un salón-clase rectangular flanqueado por ventás, duns trinta a cincuenta metros cadrados, que ocupaba o baixo ou a parte superior dalgún edificio particular. En ocasións, como viña sendo habitual no século anterior, non é máis ca unha sala máis ou menos acondicionada dunha vivenda –probablemente a do mestre ou mestra– con outros cuartos contiguos á mesma. Con frecuencia, resáltase a “nobreza” do edificio que alberga a escola aludindo a que se trata dun edificio de pedra de recente construción. A sala da clase, ou aula, ganou en amplitude, luz e ventilación respecto das utilizadas para escola a finais do século XIX, posto que a nova lexislación escolar é esixente, como vimos, en canto ás condicións hixiénicas se refire. O elemento máis destacado nos planos é sen dúbida as ventás que presiden varias paredes do local, garantía da luz e da aireación que prescribe a hixiene para o traballo escolar. O informe que redacta o facultativo da zona así o confirma, pese a que estas certificacións pasan por alto, excepto en contadísimas ocasións, a falta doutras condicións hixiénicas como é a de dispoñer de retrete no local destinado a escola (apenas a cuarta parte contan con este servizo e só atopamos un médico que lles esixe ós promotores dunha escola a necesidade de construír un retrete para uso dos escolares). Nin que dicir ten que esta escola improvisada (sen edificio propio) carecerá tamén de espazo destinado a patio escolar (roldan o dez por cento as que o teñen). Obsérvase que as escasas escolas de nenas e os colexios de relixiosos son os que mellores condicións ofrecen na época, de acordo coa selecta minoría á que van destinados.

Así pois, nin patio, nin retrete, nin outras dependencias complementarias son aínda habituais no edificio-escola. Sempre a modo de excepción destacan os locais que presentan unha alternativa á anteriormente descrita: algúns que esquecendo as recomendacións da lexislación escolar do XIX presentan varios espazos (salas) destinados a actividades diversas ou á separación entre nenos e nenas, párvulos e resto do alumnado (ver plano), as escolas que dispoñen de patio e unha selecta representación de centros que, por impartir unha ensinanza graduada, dispoñen de varias clases e dependencias para outros servizos (ver planos).

Tamén na disposición do espazo interior se observa algún cambio, consecuencia da adopción por máis escolas da organización do traballo escolar por seccións e da ampliación do material didáctico e ornamental do que agora dispoñen. É máis frecuente ver colocados os corpos de carpintería, os bancos ou os pupitres (bipersoais ou unipersoais, ou de ambos) en filas que ocupan a parte central da aula e os carteis, mapas, encerados, estantes con algún libro irán sendo unha realidade cada vez máis común na decoración das paredes e amoblamento da aula. Ás veces, a estrutura do espazo escolar adquire visos de modernidade distribuíndose por recantos de actividade (ver plano).

En resumo, aínda que a precariedade segue sendo a norma das escolas particulares de principios de século, obsérvase un avance claro nas condicións mínimas dos locais que ocupan, consecuencia da normativa máis esixente da época no concernente á hixiene escolar.

Cando se ensina?

Se nos atemos ós regulamentos das escolas, a ensinanza transcorre, en horarios variables, tódolos días non festivos durante seis –ás veces cinco e, excepcionalmente, sete– horas ó día distribuídas en tres horas matinais e tres horas vespertinas. Case nunca se fai consta-lo período de vacacións, talvez porque se dá por suposto conforme ó establecido pola Administración. Nalgúns regulamentos explicitase que os xoves pola tarde “non se ensina”.

Os horarios son un tanto flexibles, acomodándose ás circunstancias e características dos destinatarios e ós rigores do clima e das actividades agrícolas en función das estacións. No inverno, a primeira sesión empeza ás nove e acaba ás doce, a segunda sesión transcorre ben entre as dúas e as cinco da tarde ou ben entre as tres e as seis. Os meses de novembro, decembro e xaneiro en que comparten a actividade escolar nenos e adultos hai dúas opcións: ou se limita esta sesión a dúas horas, adiándose á unha do medio día e acabando ás tres, ou se suprime para reserva-lo local ós maiores. No verán madrugase máis, de modo que o horario de mañá, de oito a once, permite que os nenos axuden nas tarefas do campo ás súas familias nas horas centrais do día.

Non é raro que os domingos e días santos se esixa a asistencia “obrigatoria” ós alumnos entre as 8 e as 9,30, tempo destinado ós actos relixiosos e á catequese. Expresamente lese nos regulamentos dalgunhas escolas de nenas que “serán acompañadas los domingos a la catequesis”.

Aínda que a norma máis xeneralizada nas escolas de pago é a esixencia de puntualidade e asistencia constante e obrigatoria dos alumnos, corresponsabilizando ós pais destas obrigas.

En definitiva, as escolas particulares de Ourense seguen basicamente, en horarios e calendario escolar, o patrón das públicas, diferenciándose das particularidades dos horarios establecidos nas escolas privadas (referímonos aquí fundamentalmente ás “de ferrado”) doutras zonas de Galicia.

A quen se ensina?

A nenos e nenas de idades comprendidas entre os cinco ou seis anos e os doce e desaseis. As marxes de idade dos escolares son diferentes segundo os centros: hainos que permiten a escolarización de 6 a 14 anos (a maioría, pero tamén de 6 a 12, de 9 a 15, de 6 a 15 ou 16, e incluso de 3 ou 4 anos en adiante).

A condición máis xeral que os regulamentos impoñen para a admisión ás escolas privadas son as que marcan a hixiene e a urbanidade: nenas e nenos aseados e limpos, sen enfermidade contaxiosa. Ás veces esíxese certificado médico de vacinación; en ocasións, é preceptiva a inspección diaria do escolar ó entrar ó centro. Nisto, ó menos sobre o papel, os regulamentos son determinantes, e na maior parte deles pódense ler normas coma esta:

“No se admitirá en el Colegio ningún niño que no vaya a él con aseo y limpieza”⁵⁸. Algúns regulamentos van máis alá prohibindo certos costumes moi arraigados nas clases populares que van en contra das normas máis elementais da hixiene como “cuspír no chan”.

Unha terceira condición para o ingreso de alumnos o alumnas que impoñen algunhas escolas é a garantía de profesora-relixión católica, acreditando esta condición mediante papeleta asinada polo o cura⁵⁹ ou pasando exame de boa conduta moral e relixiosa⁶⁰. Se se trata de escola de nenas, incluso hai escolas que van máis alá advertindo que “se llevarán dos veces al año a confesión y comunión y la que se resista será expulsada como también la que se observe alguna inmoralidad tanto en el interior como en el exterior”⁶¹.

Por último, aínda que é máis raro, ás veces tamén se esixe que o neno sexa veciño do lugar en que se instala a escola ou que os pais respecten o labor do mestre, aludindo con isto á frecuente presión exercida polos pais respecto á ensinanza que teñen que recibí-los seus fillos⁶².

Con que materiais se ensina?

Podemos, con bastante precisión, coñece-la menaxe das escolas privadas da época, xa que, cono se indicou, entre a documentación requirida pola Administración para a autorización de apertura destes centros debía figura-lo catálogo ou inventario do material dispoñible (incluído o mobiliario e o material didáctico) no momento de abri-la escola.

De acordo co equipamento inicial das escolas, podemos clasificalas en tres categorías: as dotadas co material máis elemental (neste caso sempre fixo), as que contan cun material didáctico máis rico e variado, e as que dispoñen de maiores recursos materiais para a ensinanza, cunha notable dotación de material didáctico e/ou un bo equipamento de mobles e utensilios escolares. Aproximadamente, ó primeiro grupo pertencen dúas de cada tres escolas particulares; o resto, a excepción de media ducia de colexios que podemos incluír no terceiro grupo, corresponden a centros da segunda categoría.

Por material básico entendemos mesas de profesores e alumnos, cadeiras ou mesas con bancos fixos, encerado, mapa de España e Portugal e un cadro da Virxe ou un crucifixo. Practicamente reducido o mobiliario ó máis elemental, dous terzos das escolas incorporan como único material didáctico –non todas– un mapa e un encerado. Un só elemento decorativo preside a aula: o Crucifixo ou un cadro da Virxe, con funcións simbólicas de primeira orde. Son moi poucas as escolas que colgan nas súas paredes o retrato do rei.

⁵⁸ Regulamento da escola de primeira ensinanza mixta rexida por María Remedios Álvarez en Ourense capital, 1909. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

⁵⁹ Regulamento da escola de primeira ensinanza rexida por Antonio Vicente Vázquez no Carballiño, 1910. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

⁶⁰ Regulamento da escola de primeira ensinanza mixta rexida por Elvira Conde Codesido en Francelos (Ribadavia), 1909. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

⁶¹ Regulamento da Escuela de nenas rexida por María Lodeiro Bernardeal en Xinzo, 1905. Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

⁶² Véxase De Gabriel Fernández, N.: *Escolantes e escolas de ferrado...*, op. cit.

As escolas que amplían o material didáctico adoitan contar con plumas, portaplumas, tinteiros, tinta, papel, xiz, varias “pizarras” e “pizarrines”, taboleiro contador, cadro con oracións e, talvez, algún libro; e todos estes elementos en cantidades moi variables⁶³.

O reducido número de escolas que contan cun equipamento máis completo non só amplían en cantidade e en variedade o material didáctico senón que melloran e actualizan o mobiliario escolar; no inventario figuran corpos de carpintería, armarios (indicio da existencia de material funxible para gardar), dosel, estantes, biblioteca, colgadores ou perchas, reloxo de parede, timbre, escribanía... Dispoñen tamén dunha ampla gama de material didáctico, entre libros de ensinanza e de consulta, atlas, coleccións de mapas murais, de láminas e cadros murais (de historia sagrada, de física, de historia natural, de historia patria...), esfera celeste, globo terrestre, cosmógrafo ou telurio, escuadro de agrimensura, punteiros, compás, mostras, regras, colección de pesos e medidas, caixa con figuras e corpos xeométricos, termómetro, mostras para leccións de cousas, barras paralelas e picas destinadas á ximnasia e útiles de costura⁶⁴. Excepcionalmente, na relación de material figuran os libros rexistro de matrícula e de asistencia.

Hai que dicir que en moitas escolas o material didáctico do alumno (libros, plumas, papel...) corre á conta deste, e o regulamento advirte expresamente de que os alumnos deberán ir provistos do mesmo.

Como se ensina?

As fontes coas que traballamos permítennos facernos unha idea bastante precisa de cómo era a práctica escolar que se desenvolvía nas escolas particulares ourensás de principios do século XX. Sabemos que o espazo escolar non é un elemento neutro, que o material usado é expoñente dos modos de ensinar; que as normas regulamentarias que rexen a vida escolar e outros moitos aspectos da vida dos centros que conteñen os regulamentos das escolas translocen un determinado estilo de ensinanza. Destes elementos servirémonos para precisar cómo era o traballo escolar desenvolvido nos mencionados centros.

Para empezar, falamos, salvo en contadas excepcións, de escolas unitarias, con nenos e nenas, ou mestura de ambos, de distintas idades, onde se se seguen as orientacións pedagóxicas da época habería que organizar o traballo por seccións, contando ou non coa axuda dos alumnos máis adiantados. Disto nada nos consta, pero sabemos que só os mestres e mestras mellor preparados, por suposto os que están en posesión do título profesional que garante o seu paso por unha Escola Normal, poderían seguir este método de

⁶³ Sirva como exemplo o material relacionado no inventario da escola de nenas de M^{ra} Remedios Álvarez, mestra de ensinanza superior, na capital (1905): corpo de carpintería e mesas e bancos en número suficiente para a ensinanza da escritura e outras materias, encerados para aritmética, mesa escritorio e cadeiras para ela e as nenas, mapas, tinta, plumas e xiz. A escola doutra mestra (Herminia Santalices Araujo) que quere abrir escola ese mesmo ano no Carballiño fai constar no catálogo de material un corpo de carpintería, sete tinteiros, doce plumas, doce “pizarras”, doce “pizarrines”, bancos longos e varios pequenos. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).

⁶⁴ Unha das escolas mellor dotadas de material fixo e sen dúbida a mellor de material didáctico é a Escuela Laica Neutral da capital. Vid. o nutrido catálogo detallado que se adxunta á solicitude de apertura da mesma figura e que demos a coñecer en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 2, 1998, pp. 237-251.

ensinanza chamado “simultáneo”. Así, polo tanto, excluídas unhas cantas escolas que poderían funcionar deste xeito, no resto o máis seguro é que imperasen aínda formas arcaicas de ensinar conforme á tradición herdada do século anterior xa totalmente desbotadas pola pedagogía moderna. Por poñer un exemplo: nin o método individual nin a aprendizaxe consecutiva –non simultánea– da lectura e a escritura (ámbolos procedementos non recomendados xa polos pedagogos de mediados do século anterior) estarían totalmente superados. Outro dato: só en dous ou tres expedientes figura unha tarefa de planificación da ensinanza mínima, concretada á temporalización das actividades, como aconsellaban as orientacións pedagóxicas do momento. Entre o material tampouco se relacionan cadros coa distribución do tempo e nin sequera moitas escolas dispoñen do reloxo, aparello que debería servir para pauta-las actividades desenvolvidas na aula. Todo isto apunta cara ó predominio dunha certa anarquía no traballo escolar.


As escolas mellor dotadas –como dixemos, unhas poucas– dispoñían de material ó servizo dunha ensinanza máis intuitiva e práctica, pero no resto, equipadas co básico, e cun material didáctico “de luxo” que, como moito, era o libro, a ensinanza non ten máis remedio que apoiarse en procedementos xa trasnoitados como a repetición e a memoria.

Máis estendida parece a práctica escolar fundada na dosificación de premios e castigos –como xa recomendaba o Regulamento das escolas primarias de 1838– se damos crédito ó indicado en varios regulamentos⁶⁵. Dos premios menciónase o recoñecemento do mestre, a obtención dalgunha distinción ou honor, a entrega dalgún elemento material como un libriño... Entre os castigos máis usados para sanciona-la conduta indebida dos alumnos menciónanse a amoestación pública e privada, a comunicación ós pais, a expulsión temporal do alumno e incluso, se se trata de falta grave, a expulsión definitiva. Agora ben, aínda que nada se diga respecto ó recurso ó castigo físico, sabemos por múltiples fontes da época que seguía sendo unha práctica habitual nas escolas tanto públicas coma privadas, non só de primeiros de século senón de moito tempo despois.


Por último, observamos que o mestre reclama a miúdo a colaboración dos pais a fin de que colaboren ou vixíen aspectos tan importantes para a marcha da clase como son a puntualidade e a asistencia regular, intentando tamén que coñezan o seu adiantamento nos estudos e nos hábitos adquiridos. Colaboración e información pero non inxerencias no seu labor é o que desexan os mestres privados da época.

⁶⁵ O Regulamento da escola dirixida pola mestra Pilar Pereira Santos na Rúa da Liberdade, nº 4 da capital establece, entre outras, as seguintes normas: “Se prohíbe dentro de la Escuela romper o ensuciar mesas, papeles y otros objetos. Irán a la escuela provistos de sus libros o útiles de enseñanza . Se tratarán entre sí como buenas hermanas y no deben distraerse unas a otras en las horas de estudio. Deben ponerse en pie cuando entre en la escuela alguna autoridad (...) Se prohíbe que tomen libros que non sean de su uso. Deberán ir a sus casas sin detenerse en ninguna parte y saludarán a sus padres. (...) Las niñas que cumplan el Reglamento serán dignas del cariño de la Profesora, quien dará oportunamente un premio o castigará a la que falte a lo dispuesto”. Expediente de apertura da escola de nenas dirixida por D^a Pilar Pereira Santos. (Expedientes de apertura de escolas privadas, Arquivo do Instituto Otero Pedrayo de Ourense).


ANEXO - PLANOS




Plano 1: Escola privada de Cerdeiros (Castro Caldelas, Ourense), establecido polo mestre Francisco Quiroga incógnito en 1905. O local destinado a escola era unha dependencia de 48 m² que ocupaba o segundo andar da vivenda do mestre.




Plano 2: Escola primaria privada situada en Armariz (Nogueira de Ramuín, Ourense), establecida por José González en 1908. Ocupa o segundo andar dunha casa de pedra. conta con dúas dependencias: salón destinado á escritura e salón destinado á lectura




Plano 3: Escola primaria privada situada en Xunqueira de Ambía (Ourense), establecida por María B. Curros en 1910. Ocupa un local de 37 m² no baixo da vivenda da profesora. Ten un patio para o tempo de lecer ó lado da hora.



Plano 4: Escola privada situada no número 4 da rúa da Libertad da capital ourensana, establecida pola maestra superior Pilar Pereira Santos en 1902. Conta cun salón-clase con dúas ventás e un pequeno cuarto-biblioteca.



Plano 5: Escola privada da Inmaculada Concepción de Celanova establecida pola profesora Obdulía Rodríguez en 1904. O local está distribuído en catro zonas destinada a lectura, labores e ximnasia.



Plano 6: Escola primaria de párvulos establecida no ano 1906 baixo a dirección de Rafaela Salgado en Carballiño. O local, de uns 42 m² está organizado e amoblado por zonas de actividade: bancos para a lectura, mesas-banco para a escritura, cadeiras para as labores e o ensino e unha plataforma para a mestra.